



RECOMENDACIÓNS PARA O ACTO DE DEFENSA DA TESE DE DOUTORAMENTO

(Comisión Permanente da EIDUDC do 26 de maio de 2016)

O acto de defensa pública da tese de doutoramento conduce á obtención do título de doutor/a, que é o máximo grao académico da universidade española.

Por elo, este acto debe ter un adecuado desenvolvemento, en consonancia coas maneiras e o protocolo propios da institución.

Xeneralidades sobre o acto de defensa da tese de doutoramento.

1. O acto de defensa da tese se desenvolverá en sesión pública en día lectivo nun centro da UDC. Procurarase que esta defensa teña lugar nunha sala acorde coa solemnidade do acto (como norma habitual, a Sala de Graos).
2. O acto da defensa da tese de doutoramento consistirá na exposición do traballo de investigación por parte do/a doutorando/a, a intervención dos/as doutores/as do público asistente (podendo incluír aos/ás directores/as da tese), o debate entre o/a doutorando/a e os membros do tribunal, a deliberación do tribunal sobre a cualificación da tese de doutoramento e a manifestación pública da cualificación outorgada.
3. O/a doutorando/a e o público asistente deben entrar ou saír da sala cando o/a secretario/a do tribunal o indique. O público debe gardar silencio e absterse de intervir no acto. Unicamente os/as doutores/as do público poderán intervir cando así sexa requirido polo/a presidente/a.
4. Só se poderán realizar videograbacións e fotografías na sala unha vez finalizado o acto de defensa da tese de doutoramento.
5. Durante todo o acto de defensa, prégase que ningunha persoa presente na sala teña en funcionamento teléfonos ou calquera outro dispositivo audiovisual que distraia ou incomode ao tribunal, ao/á doutorando/a ou ao público asistente. Só os membros do tribunal poderán dispoñer de portátiles ou outros dispositivos para o seguimento da exposición e o debate da tese de doutoramento.



Funcións dos membros do tribunal.

6. O/a presidente/a do tribunal é o/a responsable da dirección deste acto, ao que debe imprimir o rigor, a solemnidade, a sobriedade e o protocolo adecuados.
7. O/a secretario/a do tribunal encargárase de todos os asuntos relacionados co funcionamento administrativo do acto, o que inclúe preparar, cumprimentar e tramitar a documentación pertinente (incluída a recollida das sinaturas), supervisar os aspectos formais, chamar ao/á doutorando/a á sala, etc.

Constitución do tribunal.

8. Previamente ao inicio do acto de defensa, procederase á constitución do tribunal na sala onde se desenvolverá este acto. Para elo, na sala só estará presente o tribunal.
9. A disposición do tribunal na mesa será a seguinte: o/a presidente/a ocupará a posición central, á súa esquerda sentarase o/a secretario/a e á súa dereita o/a vogal.

Exposición da tese de doutoramento: idioma e medios de apoio.

10. Nos actos de defensa pública da tese de doutoramento poderanse utilizar as linguas cooficiais da Comunidade Autónoma Galega (galego e castelán) e as linguas portuguesa, inglesa ou o idioma de uso común no ámbito científico, técnico ou artístico de que se trate. No caso da utilización de linguas distintas do galego e do castelán, hase de garantir que o tribunal está en condicións de actuar.
11. O/a doutorando/a expoñerá o contido da súa tese con claridade e rigor, utilizando un linguaxe preciso, sintético e adecuado ao ámbito temático do seu traballo de investigación. Empregará, cando proceda, as técnicas de apoio gráfico e os medios audiovisuais que xulgue necesarios, co obxectivo de mellorar a calidade da exposición e facilitar o debate posterior co tribunal.

Tempo de exposición da tese de doutoramento.

12. O tempo de exposición recomendado se estima nuns 45 minutos, non debendo exceder, como norma xeral, dos 60 minutos. Durante este tempo, o/a doutorando/a non debe ser interrompido/a, salvo o mellor criterio do/a presidente/a do tribunal.



Debate do/a doutorando/a co tribunal.

13. O/a presidente/a cederá a palabra en primeiro lugar ao/á secretario/a e, a continuación, ao membro vogal. O/a presidente/a terá a último quenda de palabra e cerrará o acto da defensa
14. O/a doutorando/a debe responder ás preguntas dos membros do tribunal. As súas respostas servirán para valorar a relevancia dos datos presentados e as competencias adquiridas.

Intervención dos/as doutores/as do público asistente.

15. No momento que xulgue adecuado, o/a presidente/a poderá invitar aos/ás doutores/as do público asistente (incluídos os/as directores/as da tese) a que fagan os comentarios que consideren oportunos.

Deliberación do tribunal para outorgar a cualificación á tese de doutoramento.

16. Unha vez concluído o debate do/da doutorando/a co tribunal, o/a presidente/a indicará ao/á doutorando/a e ao público asistente que abandonen a sala para que o tribunal proceda á deliberación para outorgar a cualificación á tese de doutoramento.
17. Tras as oportunas deliberacións, que serán secretas, o tribunal decidirá a cualificación que debe outorgarse. Seguidamente, unha vez cumprimentada por todos os membros do tribunal a documentación pertinente, o/a secretario/a del tribunal chamará ao/á doutorando/a á sala, que poderá entrar acompañado/a do público asistente. En tanto, os membros do tribunal permanecerán sentados.
18. Unha vez que ocupen os seus postos o/a doutorando/a e o público asistente, os membros do tribunal levantaránse e o/a presidente/a do tribunal dará a coñecer a cualificación que se outorga, que poderá ser non apto, apto, notable ou sobresaliente.

En ningún caso, o/a presidente/a debe realizar ningunha manifestación sobre a valoración do tribunal respecto á mención “cum laude”. Cabe resaltar que, se a cualificación global da tese é de sobresaliente, o tribunal poderá propoñer que obteña a mención “cum laude” se se emite en tal sentido o voto secreto positivo por unanimidade. O escrutinio deste voto secreto realizarase na Escola Internacional de Doutoramento nunha sesión posterior ao acto de defensa da tese.

19. A continuación, o/a presidente/a levantará a sesión.